

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Mos, a 1 de marzo de dous mil vinte un.

Na Axencia de colocación do Concello de Mos, ás 9:00 horas, reúnese a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto (SARA), de contrato administrativo de servizos de recollida de residuos sólidos urbanos (fracción resto e selectiva) e a limpeza viaria do Concello de Mos, tramitación ordinaria, integrada pola Sra. Alcaldesa, Dna. Nidia María Arévalo Gómez como Presidenta, D. Baldomero Lorenzo García, Concelleiro delegado de Servizos, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, D. Santiago Gestal Pérez, Interventor, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. Rosa Rodríguez González, adscrita á Secretaría, que da fe do acto. Cóntase coa asistencia técnica do informático do Concello.

Asemade, cóntase coa presenza de representantes dos licitadores no acto público de apertura de ofertas.

**PRIMEIRO.-** A Mesa comprobou en Mesa previa as declaración responsables presentadas polos licitadores declarando admitidos a todos os licitadores presentados. Igualmente procedeu á apertura e valoración da documentación incluída no Arquivo II e conforme á cláusula 10.2.1.1 dos PCAP rexeitou a oferta presentada por ASCAN SERVIZOS URBANOS, S.L por obter unha puntuación inferior a 23,00 puntos na Memoria técnica.

**SEGUNDO.-** Conforme coa cláusula 14.3.2, dáse lectura do resultado da valoración das ofertas segundo os a xuízos de valor previstos nestes pregos:

- FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.: 43,26 puntos.
- URBASER, S.A.: 33,15 puntos.
- **ASCAN SERVIZOS URBANOS, S.L.: 16,48 puntos. (Excluído).**

**TERCEIRO.-** A Mesa de contratación, sendo as 9.15 horas, procede en acto público, á apertura e lectura das ofertas económicas presentadas polas persoas licitadoras que concorreron e foron admitidas (Arquivo III) co seguinte resultado:

### **1) URBASER, S.A.:**

Importe neto canon anual: 1.024.321,02 euros.

IVE: (10%): 102.432,10 euros.

Total: 1.126.753,12 euros.

Melloras:

- Oferta un servizo de un día adicional ao mes de recollida de residuos voluminosos, concertada ou non concertada.
- Oferta campañas de concienciación por un 1 % do custo anual.



## 2) FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.

Importe neto canon anual: 894.141,68 euros.

IVE: (10%): 89.414,17 euros.

Total: 983.555,85 euros.

Melloras:

- Oferta un servizo de un día adicional ao mes de recollida de residuos voluminosos, concertada ou non concertada.
- Oferta campañas de concienciación por un 1 % do custo anual.

**CUARTO.-** A Mesa de contratación, de acordo coa cláusula 14.4 dos PCAP, unha vez concluído o acto público, acorda remitir as ofertas a informe de valoración dos servizos técnicos previo á elevación ao órgano de contratación de proposta de adxudicación razoada que estime adecuada, con clasificación das ofertas por orde de puntuación.

A Sra. Presidenta da por terminada a reunión ás 9.35 horas.

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu a Secretaria, trala súa lectura, someto á sinatura da Presidenta; dou fe.

**Documento asinado electronicamente á marxe**

